



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**


### **BASES CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

**Expdte. 2020/E001/000001**

- 1. OBXECTO:** Contratación de (3) LIMPADORES/AS EXPOORDES 2020.
- 2. CLASE DE PERSOAL:** laboral temporal.
- 3. TIPO DE CONTRATO:** de duración determinada, art. 15.1.a Estatuto dos Traballadores (Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro).
- 4. CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.**  
**DURACION:** 23, 24, 25 e 26 de abril de 2020.  
**XORNADA:** 32 horas semana.  
**FUNCIÓNS:**
  - Barrido, limpeza e hixienización dos espazos comúns, baños e stands de ExpoOrdes 2020.**RETRIBUCIÓNS:** 65,00 €/día (salario base e prorrata paga extra incluída).
- 5. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA:** páxina web do Concello de Ordes ([www.ordes.gal](http://www.ordes.gal)).
- 6. REQUISITOS DOS ASPIRANTES:**

Os/As aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.  
No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.  
No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- c) No estaren incursas en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Titulación: graduado/a en educación secundaria obrigatoria, certificado de escolaridade ou equivalente.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

### 7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde-presidente, en modelo normalizado que se achega como **Anexo I**.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello, así como nos lugares previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **24 de marzo de 2020**.

Mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as que será obxecto de publicación na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello, dispoñéndose dun prazo de tres días hábiles a contar desde o seguinte á devandita publicación para a corrección de deficiencias que motivaron a súa omisión ou a súa exclusión, advertíndose que de non presentar as mesmas no citado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes. Transcorrido o dito prazo mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como a/s causa/s de exclusión, publicándose a mesma na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

### 8. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Para a valoración dos/das candidatos/as presentados/as, dos méritos alegados e a realización da entrevista persoal constituirase un Tribunal de Selección integrado polas persoas seguintes:

- Presidente: Jesús Carreira Salvadores (Técnico de Administración Xeral, Tesoureiro)
- Vogais:
  - Javier Siro Suárez Rodríguez (Interventor Xeral).
  - Fátima Rodríguez Liste (Técnico de Educación).
  - Yolanda Cela Villaverde (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local).



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

- Secretaria: Yolanda Castro Mosquera (Funcionaria de Administración Xeral. Subescala Administrativa), que actuará con voz, pero sen voto.

### **9. PROCESO SELECTIVO**

O procedemento para a selección dos/das aspirantes será o sistema de concurso-oposición.

#### **PRIMEIRA FASE: FASE DE CONCURSO**

O tribunal de selección avaliará os méritos alegados e xustificados polos/as aspirantes:

1. Experiencia profesional:

- Por servicios prestados en calquera das administracións públicas en postos iguais ou similares ao que se concursa 0,20 puntos/día. Cun máximo de 2 puntos.

A acreditación da experiencia profesional nas administracións públicas realizarase mediante a presentación dun certificado dos servizos prestados emitido polo órgano competente en materia de persoal da Administración onde se tivesen prestado, indicándose a natureza xurídica da relación, o tempo exacto da súa duración, tipo de funcións e tarefas desempeñadas.

- Por servicios prestados fora das administracións públicas, por conta allea, en postos iguais ou similares ao que se concursa 0,10 puntos/día. Cun máximo de 1 punto.

A acreditación da experiencia profesional fora das administracións públicas realizarase mediante a presentación dun certificado de empresa, indicándose a natureza xurídica da relación, o tempo exacto da súa duración, tipo de funcións e tarefas desempeñadas.

2. Atoparse nalgunha das seguintes situacións sociolaborais:

- a) Maior de 45 anos.
- b) Persoa con discapacidade nun grado igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido. Acreditarase mediante a presentación do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente.
- c) Persoa con fogar onde ninguén teña emprego. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais.
- d) Persoa con fogar monoparental. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais.
- e) Persoa con problemas para atopar emprego polo idioma ou condicións socioculturais. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais.
- f) Persoa vítima de violencia de xénero. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais.
- g) Desempregado/a de longa duración (mínimo dous anos como demandante de emprego). Acreditarase mediante informe de vida laboral actualizado.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Outorgarase 1 punto por atoparse nalgunha das situacións anteriores, cun máximo de 2 puntos.

3. Coñecemento do idioma galego:

- a) Curso iniciación lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos.
- b) Curso perfeccionamento lingua galega ou Celga 4: 1,00 punto.

Só se valorará o certificado do nivel máis alto que se acredite, a puntuación do cal acumularase á do outro certificado que se acredite.

O Tribunal de selección publicará na páxina web e Tabolerio de Anuncios do Concello a valoración de méritos realizada. Os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, desde o día seguinte á súa publicación, para presentar alegacións e solicitar a revisión dos méritos. Dentro deste prazo os/as aspirantes que o consideren poderán acudir ao Departamento de Emprego a revisar a valoración dos méritos realizada.

### SEGUNDA FASE: ENTREVISTA PERSONAL:

Os/as aspirantes veñen obrigados/as á realización dunha entrevista persoal na que se valorarán ás súa condicións e aptitudes (**coñecementos sobre produtos, equipamento de limpeza e de técnicas empregadas neste tipo de traballo, responsabilidade, organización, axilidade, capacidade de reacción, capacidade para a resolución de problemas, e capacidade de traballar en equipo**) para o posto de traballo a desenvolver, que terá lugar o día **15 de abril de 2020**, a partir das **13:00** horas, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar), que se valorará cun máximo de 4 puntos.

### 10. ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA. LISTA DE APROBADOS/AS.

Realizadas as correspondentes probas selectivas, o Tribunal de Selección formulará a proposta de aprobados/as, por orde decrecente de puntuación, á Presidencia da corporación co obxectivo de determinar aos/as aspirantes seleccionados/as, que se publicará na páxina web e Taboleiro de Anuncios do Concello.

A orde de clasificación dos/as aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

En caso de empate darase prioridade á maior puntuación obtida na fase de oposición. No caso de persistir a igualdade, resolverase por sorteo.

O Tribunal non poderá declarar e propoñer o acceso ao posto de traballo a un número superior de aspirantes aprobados/as ao de prazas convocadas, quedando eliminados/as todos/as os/as aspirantes de cualificación inferior que excedan das prazas convocadas.



## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

### **11. IMPUGNACIÓN**

As presentes bases e todos os actos administrativos que se deriven das bases e das actuacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados conforme ao que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ordes, 11 de marzo de 2.020

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### ANEXO I

#### MODELO DE INSTANCIA

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,  
con DNI/Pasaporte/documento equivalente nº \_\_\_\_\_, con  
domicilio en \_\_\_\_\_  
código postal \_\_\_\_\_, teléfono de contacto \_\_\_\_\_, e  
endereço electrónico \_\_\_\_\_.

#### **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

- Coñecer as bases que regulan a selección, en réxime de persoal laboral temporal, de **(3) LIMPADORES/AS EXPOORDES 2020**, as cales asume e acepta na súa integridade.
- Cumprir os requisitos esixidos polas bases da dita convocatoria.
- Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e non ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que son necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

#### **SOLICITA**

Ser admitido/a no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de limpador/a ExpoOrdes 2020, declarando que son certos os datos consignados na presente solicitude.

Á presente instancia achégase a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI, pasaporte ou documento equivalente.
- Copia cotexada da titulación esixida.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (orixinal ou copia cotexada).

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo./ \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES**